



GUÍA PARA A ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DAS CARTAS DE SERVIZOS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Vicerreitoría de Calidade
e Novas Tecnoloxías
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Guía para a elaboración
e implantación das
cartas de servizos na UDC**



Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías.

Unidade Técnica de Calidade.

Decembro 2008.

Editado por: RODI ARTES GRÁFICAS, SL

Depósito legal:

ÍNDICE

Presentación	4
1. As cartas de servizos	6
1.1 Definición	
1.2 As cartas de servizos na Universidade da Coruña	
1.3 Estrutura das cartas de servizos	
2. Responsabilidades	8
2.1 Quen ten que confeccionar a carta de servizos?	
2.2 Quen aproba a carta de servizos?	
2.3 Quen coordina e normaliza a carta de servizos?	
3. Contido e proceso de elaboración da carta de servizos	10
3.1 Constitución do equipo de traballo	
3.2 Formación dos membros do equipo de traballo	
3.3 Identificación e análise dos servizos e dos datos de carácter xeral e legal	
3.3.1 O contido	
3.3.2 O proceso de elaboración	
3.4 Establecemento dos compromisos de calidade e indicadores	
3.5.1 O contido	
3.5.2 O proceso de elaboración	
3.4.2.1 Análise da visión do usuario: detección das expectativas do usuario e identificación dos factores chave da calidade	
3.4.2.2 Definición de indicadores. Diagnóstico dos niveis actuais de calidade	
3.4.2.3 Establecemento dos compromisos de calidade	
3.5 Redacción do documento-matriz da carta, elaboración do informe xustificativo e aprobación da carta de servizos	
3.5.1 Redacción do documento-matriz da carta	
3.5.2 Informe xustificativo	
3.5.3 Aprobación da carta de servizos	
3.6 Deseño e desenvolvemento do plano de comunicación e difusión	
3.6.1 O contido	
3.6.1 O proceso de elaboración	
3.7 Medidas de corrección ou compensación no caso de incumprimento dos compromisos	
3.8 Formas de presentación de suxestións, queixas e reclamacións sobre o servizo prestado	
4. Publicación da carta de servizos	29
4.1 Publicación da carta de servizos	
4.2 Distribución e difusión	
5. Seguimento, mellora e actualización das cartas de servizos	30
5.1 Seguimento das cartas de servizos a través dos indicadores de medición	
5.2 Actualización das cartas de servizos	
5.3 Queixas, reclamacións e suxestións	
6. Autoavaliación final	34
7. Fontes e bibliografía	35
8. Formatos	36
FS-01: Acta de constitución do equipo de traballo	
FS-02: Acta de reunión do equipo de traballo	
FS-03: Identificación dos servizos	
FS-04: Recompilación das expectativas do usuario detectadas	
FS-05: Cadro de mando: fixación de estándares e diagnose dos niveis reais de xestión	
FS-06: Valoración e establecemento de compromisos	
FS-07: Documento-matriz para a publicación da carta de servizos	
FS-08: Proposta de campaña de comunicación interna e externa	
FS-09: Seguimento dos compromisos establecidos	
FS-10: Cuestionario de autoavaliación do funcionamento do equipo de traballo	
9. Exemplos de cartas de servizos	47

Presentación

Este documento constitúe a segunda edición da Guía para elaboración e a implantación das cartas de servizos na Universidade da Coruña.

A Unidade Técnica de Calidade (no sucesivo, UTC), elaborou no ano 2005 a Guía para a implantación de cartas de servizos na Universidade da Coruña, pero unha vez transcorrido este tempo vese a necesidade da súa revisión, para concretar, por unha parte, algúns aspectos da primeira edición, pola outra, establecer as pautas de seguimento adecuadas para que as cartas de servizos se convertan en verdadeiras ferramentas de mellora para a correcta xestión das unidades administrativas da Universidade e, por último, para recoller a nova normativa.

No século XXI unha Administración pública moderna debe rexerse polos principios de transparencia, eficiencia e responsabilidade social. Neste marco as cartas de servizos convertéronse nun instrumento de comunicación permanente co usuario sobre os servizos que se prestan. Estas ferramentas veñen implantándose nas administracións públicas europeas nas últimas dúas décadas. O Real decreto 1259/1999, que regula o Programa de cartas de servizos, no marco do Plano de calidade para a Administración xeral do Estado, o Decreto da Xunta de Galicia 117/2008, do 22 de maio, polo que se regulan as cartas de servizos da Xunta de Galicia no seu ámbito de competencia e a Norma UNE 93200, de abril de 2008, que establece os contidos e o proceso de implantación das cartas de servizo, están chegando a todos os ámbitos administrativos do país.

1

As cartas de servizos

1. 1. Definición

As cartas de servizos son documentos a través dos que cada unidade administrativa informa publicamente aos seus usuarios sobre os servizos que presta e sobre os compromisos de calidade que asume con respecto dos ditos servizos, de maneira que se poida demostrar que os seus principios de funcionamento son realmente eficaces. Neste sentido, as cartas de servizos perseguen un dobre obxectivo:

- Facilitar información aos usuarios sobre os cometidos do servizo e sobre o nivel de calidade que poden esperar del.
- Comprobar o grao de cumprimento por parte do servizo dos compromisos que asume e fomentar a mellora continua a partir do grao de satisfacción dos usuarios.

1.2. As cartas de servizos na Universidade da Coruña

As cartas de servizos son instrumentos de xestión da calidade e da mellora continua da Universidade da Coruña. A través de soportes impresos ou electrónicos, comunícanse á comunidade universitaria e á sociedade en xeral, os servizos que presta unha unidade administrativa (centro, unidade, servizo etc) en concreto, os seus dereitos en relacións cos ditos servizos ao tempo que se publican os compromisos e estándares de calidade en relación con eses servizos que asume a unidade administrativa.

1.3. Estrutura das cartas de servizos

As cartas de servizos deben presentar os seguintes apartados:

- Información de carácter xeral e legal.
- Compromisos de calidade e indicadores. A súa determinación e publicación constitúen o aspecto máis importante das cartas de servizos. É a parte de maior complexidade e contribución fundamental desta forma de comunicación.
- Mecanismos de comunicación externa e interna.
- Medidas de corrección ou compensación no caso de incumprimento dos compromisos.
- Formas de presentación de suxestións, queixas e reclamacións sobre o servizo prestado.

2

Responsabilidades

2.1. Quen ten que confeccionar a carta de servizos?

A persoa responsable da unidade administrativa ou servizo buscará e fomentará a constitución dun equipo de traballo entre o seu persoal, que se encargará de elaborar a carta. Para iso transmitirá ben directamente ou a través de invitacións a seminarios ou charlas divulgativas, as bondades das cartas de servizos como verdadeiras ferramentas de xestión e do positivo da participación do propio persoal no deseño destas ferramentas.

Entre os membros do equipo de traballo nomearase unha persoa coordinadora, non obstante, o responsable último da carta será sempre o xefe da unidade administrativa. O cumprimento dos compromisos de calidade adquiridos na carta afectan a todos os integrantes desta e tamén ao conxunto da unidade administrativa.

2.2. Quen aproba a carta de servizos?

O texto íntegro da carta de servizos debe ser aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade da Universidade.

2.3. Quen coordina e normaliza a carta de servizos?

A UTC dará soporte técnico (formación, documentación, orientacións metodolóxicas...) e cada equipo de traballo designará un coordinador operativo do proceso de elaboración da carta de servizos.

Para garantir que a carta de servizos inclúa os contidos mínimos recollidos nesta guía, a UTC a revisará e emitirá un informe técnico previo á súa aprobación pola Comisión de Garantía de Calidade da Universidade e polo tanto antes da súa difusión.

3

Contido e proceso de elaboración da carta de servizos

Para a elaboración dunha carta de servizos é conveniente desenvolver unha serie de actividades, que poden agruparse nas seguintes fases, que se recollen no diagrama de procesos de elaboración dunha carta de servizos (figura 1)




Figura1: diagrama de procesos de elaboración dunha carta de servizos

3.1. Constitución do equipo de traballo

O equipo de traballo para a elaboración da carta de servizos terá as seguintes facultades:

- Impulsar e desenvolver o proceso de elaboración da carta nos termos previstos.
- Solicitar os recursos necesarios.
- Formular propostas de mellora.

O equipo de traballo non deberá superar as 8 persoas e recoméndase que estea entre 4 e 8, entre as que debe estar o xefe da unidade administrativa correspondente, outros directivos, traballadores en contacto directo cos usuarios e traballadores coñecedores dos procedementos internos de traballo.

A proposta de constitución de grupo así como dos membros que o van a formar é responsabilidade do xefe da unidade administrativa afectado pola carta, para o que conta co apoio técnico da UTC se o considera necesario. Os membros do grupo formarán parte do equipo de maneira voluntaria. Entre os membros do equipo nomearase unha persoa coordinadora que será a responsable das seguintes tarefas:

- Coordinará o traballo do equipo.
- Actuará como interlocutor do equipo coa UTC.
- Realizará as convocatorias de reunións do grupo.
- Recompilará e distribuirá a documentación necesaria para o desenvolvemento das reunións.
- Redactará as actas das reunións que se leven a cabo.
- Presentará o avance do traballo ás persoas alleas ao grupo.

O persoal da UTC actuará como asesor e dará o soporte que precise cada equipo de traballo, sobre todo nas cuestións metodolóxicas de elaboración das cartas de servizos.

A constitución do equipo formalizarase nunha acta para a que se pode usar o formulario que se xunta con este documento (FS-01: acta de constitución do equipo de traballo). Na reunión de constitución fixaranse as normas que deberá cumprir o equipo. As reunións terán carácter de convocatoria formal onde se fixe a data, a hora, duración prevista e tema que se vai tratar. Redactarase unha acta de todas as reunións onde se farán constar tamén as persoas asistentes, a data, a hora de inicio e finalización, os temas que se trataron e os acordos acadados. Para facer as actas recoméndase o uso do formulario que se xunta con esta guía (FS-02: acta de reunión do equipo de traballo).

Tanto as convocatorias como as actas das reunións teñen que estar dispoñibles para a súa consulta, de ser necesario.

3.2. Formación dos membros do equipo de traballo

Os membros do equipo de traballo teñen que recibir a formación necesaria para o correcto desenvolvemento do proxecto de carta de servizos. Por este motivo, considérase necesaria a asistencia a unha xornada formativa básica naqueles aspectos necesarios para o desenvolvemento das actividades propias do deseño e implantación dunha carta de servizos (conceptos en cuestión de calidade, traballo en equipo etc...). As ditas xornadas formativas serán impartidas por persoal da UTC, ben por proposta da propia unidade, ben por demanda dos servizos interesados na elaboración dunha carta de servizo.

3.3. Identificación e análise dos servizos e dos datos de carácter xeral e legal

3.3.1.O contido

A carta recollerá:

- Unha declaración do máximo responsable da unidade administrativa, onde se exprese o compromiso xeral coa xestión da calidade e o propósito específico que se persegue coa dita carta.
- Fins da unidade prestadora do servizo, tamén denominada Misión da unidade administrativa, que responde á pregunta: para que serve o servizo?
- Datos identificativos da unidade administrativa: denominación oficial completa da unidade e, de ser o caso, aquela pola que é comunmente coñecida, así como a do órgano superior de que depende.
- Relación dos servizos prestados e procedementos que desenvolve.
- Relación da normativa reguladora actualizada dos servizos recollidos na carta ou da unidade administrativa.
- Dereitos e deberes dos usuarios dos servizos recollidos na carta.
- Forma en que os usuarios poden colaborar/participar na mellora dos servizos.
- Dispoñibilidade e acceso ao sistema de queixas e suxestións.
- Data de entrada en vigor.
- Información de contacto coa organización prestadora do servizo:
 - i. Enderezo completo de todas as súas oficinas, teléfonos de contacto, fax, correo electrónico, paxina web, etc.) .
 - ii. Forma de acceso e os medios de transporte.
 - iii. O horario, os medios e os lugares de atención ao público.
 - iv. Mapas indicativos da situación das súas dependencias.

3.3.2. O proceso de elaboración

Nun sistema de xestión da calidade, a identificación dos servizos que se prestan e dos procesos que o sustentan é una fase moi importante, e básica, para poder realizar a análise, a medición e a mellora destes.

Os obxectivos que se perseguen nesta fase son os seguintes:

- Identificar o propósito da carta e a misión da unidade administrativa.
- Identificar os servizos que presta a unidade administrativa.
- Priorizar os servizos que se van incluír na carta, no caso de que sexa necesario, polo elevado número de servizos e actividades realizados pola unidade administrativa.
- Recompilar os datos de carácter xeral e legal correspondentes á unidade administrativa.

Nesta fase, o equipo de traballo examinará e elaborará a información que se vai incluír no primeiro apartado da carta (véxase o punto 3.3.1. contidos) prestando especial relevancia ao seguinte:

- A identificación e relación dos principais servizos que ofrece a unidade administrativa, o receptor, cliente, ou grupo de interese de cada un dos servizos, normativa reguladora e se cabe algún tipo de observación. Para isto utilizarase o formulario que se xunta con esta guía que inclúe os cadros para eses contidos (FS-03: identificación dos servizos)
- De ser necesario, polo gran volume de servizos ou actividades que realiza unidade administrativa, pódese facer unha selección dos servizos principais. Para a súa selección aplicaranse criterios tales como: o volume de xestión, a regularidade na súa prestación, os recursos humanos, temporais, materiais e financeiros dedicados, o seu impacto social etc. O produto desta fase será o catálogo dos servizos: que consiste nunha descrición dos servizos sobre o que se editará a carta.

3.4. Establecemento dos compromisos de calidade e indicadores

3.4.1 O contido

- Os compromisos de calidade que se ofrecen para cada un dos servizos prestados tendo en conta a orientación e as prioridades estratéxicas da unidade administrativa obxecto da carta. Con carácter xeral, os compromisos de calidade deben ter a forma de estándares numéricos (exemplo: tempos de espera...) e deben poder ser verificados por parte do usuario. A expresión numérica dos indicadores pódese presentar en forma de valores absolutos, porcentuais ou de *ratios* de tal forma que permitan apreciar os niveis reais de calidade da prestación dos servizos obxecto da carta. Refírense aos prazos previstos para a tramitación de procedementos e/ou para a prestación dos servizos, mecanismos de comunicación e información e horarios e lugares de atención aos seus usuarios.
- Indicadores de seguimento e avaliación da calidade. Os indicadores deben estar relacionados directamente cos compromisos asumidos, de maneira que permitan a comprobación e a medición periódica do seu grao de cumprimento. Para cada compromiso establecerase como mínimo un indicador.
- Sistemas que aseguren a calidade, a protección do medio ambiente ou a seguranza e saúde. Indicaranse as principais medidas medioambientais (reciclaxe, xestión enerxética...) e de seguranza e saúde (iluminación, ergonomía etc...) que existan. De se dispor de certificación farase constar.
- Comunicación dos resultados das cartas de servizos, indicaranse os mecanismos para lles notificar aos usuarios dos servizos a seguinte información:
 - i. Resultados dos parámetros de calidade medidos.

- ii. Nivel de cumprimento dos compromisos de calidade establecidos.
- iii. Ano de aprobación da carta, datas de revisión ou datas da súa vixencia.
- A definición de indicadores debe:
 - i. Establecer que medir e como e cando o medir.
 - ii. Asignar responsables para a súa medición e análise.

3.4.2. O proceso de elaboración

Esta é a parte máis importante e complexa do proceso de elaboración dunha carta de servizos. Os compromisos que se adquieran na carta de servizos determinarán o camiño que deberá seguir a unidade administrativa no futuro, xa que os ditos compromisos teñen que estar aliñados coas expectativas dos usuarios e coa misión da unidade administrativa e da UDC en xeral. O equipo de traballo fará unha investigación para determinar os compromisos que a unidade administrativa está disposta a asumir con relación aos seus usuarios.

Os obxectivos que se perseguen nesta fase son os seguintes:

- Coñecer as necesidades e expectativas dos usuarios dos servizos incluídos na carta de servizos.
- Establecer indicadores de xestión para cada un deses servizos.
- Concretar os niveis estándares (que se queren conseguir) e os niveis reais e actuais de prestación de servizos.
- Establecer os compromisos de calidade, que a organización queira asumir ante os seus usuarios, con respecto os servizos que presta. Compromisos que despois deberán comunicarse, publicarse e ser avaliados de forma periódica.

As actividades desta fase móstranse no seguinte diagrama de proceso (figura 2) do que destacamos os seguintes elementos:




Figura 2: diagrama do proceso de establecemento dos compromisos de calidade

3.4.2.1. Análise da visión do usuario: detección das expectativas do usuario e identificación dos factores chave da calidade

As expectativas sobre a prestación do servizo son as condicións cualitativas e cuantitativas que os usuarios das unidades administrativas esperan recibir e aquelas que satisfán as súas necesidades en relación cos servizos que se inclúen na carta. Para iso deben terse en conta as seguintes premisas:

- Os servizos dunha unidade administrativa só son eficaces se satisfán as expectativas e as necesidades dos usuarios.
- As expectativas e as necesidades poden cambiar, motivo polo que as unidades administrativas terán que ir adaptándose a elas.

Entre as técnicas existentes para a detección de expectativas do cliente están as seguintes:

- **Grupos focais:** técnica de dinámica de grupo que serve para extraer opinións creativas dun grupo reducido pero representativo de usuarios dunha unidade administrativa.
- **Enquisas:** conxunto de preguntas con respostas, abertas ou pechadas, dirixido a unha mostra representativa dos usuarios da unidade administrativa, para coñecer estados de opinión sobre os servizos que se reciben.
- **Entrevistas ao usuario:** estas poden ser telefónicas, persoais ou telemáticas, consisten nun intercambio de información entre dúas persoas, o entrevistador e o entrevistado, para coñecer a valoración do entrevistado sobre aspectos concretos da calidade do servizo e da súa prestación.
- **Análise de suxestións, queixas e reclamacións:** exame das manifestacións expostas por escrito polos usuarios, poñendo en evidencia problemas que se producisen ou para inspirar cambios que poidan mellorar a unidade administrativa e con el o nivel de satisfacción dos seus usuarios. Esta técnica só debe ser usada cando o volume de queixas e reclamacións sexa tal que permita ter unha opinión representativa dos usuarios dos servizos.
- **Cliente/usuario misterioso:** exame ou comprobación do comportamento do persoal da unidade administrativa e da súa eficacia na prestación dos servizos, realizado por unha persoa anónima, que se fai pasar por usuario do servizo.

- **Técnica empática:** aproveitando o coñecemento da unidade administrativa que teñen os membros do equipo de traballo. O éxito desta técnica radica en que no equipo de traballo estean persoas que traballen en contacto co usuario e, polo tanto, sexan coñecedoras das súas esixencias.

A decisión de optar por unha ou outra técnica vai vir condicionada pola dotación de recursos cos que conte a unidade administrativa. Porén, dado que na primeira edición desta guía se decidiu o uso das enquisas, neste caso recoméndase o uso dos grupos focais e, sobre todo, cando os usuarios dos servizos recollidos nas cartas de servizo son tamén membros da comunidade universitaria e, polo tanto, facilmente accesibles e localizables.

O equipo de traballo deberá recoller, no formulario que se xunta a esta guía (FS-04: recompilación das expectativas do usuario detectadas), ademais da información referida ás expectativas, a técnica usada para a detección destas, a valoración da unidade administrativa polo usuario, as súas expectativas respecto á unidade administrativa, a concreción da expectativa e a dimensión da calidade afectada.

As dimensións ou factores de calidade, a que nos referimos no parágrafo anterior, están directamente relacionados coas expectativas que teñen os usuarios sobre como debería desenvolverse a prestación dos servizos incluídos na carta, é dicir, son as características relevantes que fan que quen acceda as unidades administrativas perciba o seu nivel de calidade. A súa identificación faise a partir das expectativas dos usuarios, e trátase de determinar os verdadeiros factores subxectivos que valora o usuario, o que non se debe confundir cos factores que responden unicamente á visión interna da unidade administrativa responsable da prestación do servizo.

As dimensións poden ser:

- Información/comunicación: manter informado o usuario con linguaxe comprensible. escoitar as súas necesidades.
- Accesibilidade: facilidade do usuario para establecer contacto coa unidade administrativa.
- Capacidade de resposta: velocidade de resposta ante as solicitudes dos usuarios.
- Fiabilidade: capacidade de realizar o servizo comprometido.
- Competencia técnica: coñecementos para realizar o servizo.
- Empatía: amabilidade, educación demostrada polo persoal de atención.
- Credibilidade: confianza que transmite o persoal da unidade administrativa que presta o servizo.

Cando existen unha ou varias expectativas concretas respecto dun servizo e estean relacionadas coa mesma dimensión de calidade, estamos diante dunha relación moi forte, o que nos indica que existe un Factor Clave de Calidade. Para cada un destes factores claves de calidade é necesario asociar un ou varios indicadores de medición que teñen unha utilidade dupla:

- Que nos permita medir o nivel de calidade real do servizo da unidade administrativa na actualidade
- Que nos permita establecer un nivel estándar ou nivel ideal de prestación de servizo

3.4.2.2. Definición de Indicadores. Diagnóstico dos niveis actuais de calidade

Unha vez identificados os factores claves de calidade, o equipo de traballo ten que identificar o nivel estándar de calidade (ou ideal) dos servizos, asegurando que se definen para dar resposta ás expectativas dos usuarios; tamén teñen que servir para diagnosticar os niveis reais ou actuais de calidade dos ditos servizos. Para cumprir con todo isto establécense os indicadores de xestión, que teñen que estar relacionados directamente coas expectativas dos usuarios.

Un indicador é un parámetro e unha ferramenta de medición dunha variable. A análise dun indicador ten que permitir coñecer diversos aspectos respecto á prestación dun determinado servizo. Esta análise pasa por facer as medicións de forma consecutiva no tempo, avaliar as súas tendencias e evolución, para tomar despois as accións que correspondan sobre o proceso.

Os indicadores pódense clasificar en dúas grandes categorías:

- Indicadores obxectivos que miden directamente o desenvolvemento das actividades e os resultados empíricos do servizo. Estes indicadores poden ser de cantidade (n.º total de bolsas, n.º de chamadas recibidas), ou de calidade (% de chamadas atendidas no tempo, % de bolsas resoltas sen erros).
- Indicadores de percepción, que miden indirectamente os resultados dos servizos desde o punto de vista dos usuarios, obtidos a través de enquisas de opinión, grupos focais etc.

Para definir os indicadores, o equipo de traballo terá en conta ademais dos requisitos xerais de representatividade, fiabilidade, relevancia, selectividade e mensurabilidade, as seguintes regras:

- Non deben ser impostos, senón consensuados.
- Debe existir acordo sobre que medir e como o medir.
- Téñense que asignar responsabilidades para a medición e a análise.
- Os indicadores teñen que estar aliñados coas expectativas dos usuarios, deben permitir avaliar os principais aspectos que os usuarios utilizan para valorar os servizos da carta, relacionados coas expectativas e cos factores de calidade dos servizos detectados e rexistrados.
- Ser fiables e inequívocos, teñen que reflectir o que queren medir, non ser ambiguos e non ter distintas interpretacións.
- Ser sensibles, que permitan detectar e reflectir as relacións causa-efecto.

- Ser suficientes para captar a esencia do proceso, pero non ser demasiados.
- Ser sinxelos de obter e de medir e, ademais, rendibles, xa que proporcionan información.

En canto á expresión numérica, os indicadores poden presentarse en forma de valores absolutos, porcentuais ou de *ratios*.

O equipo de traballo deberá recoller no formulario que se xunta con esta guía (FS-05: cadro de mando: fixación de estándares e diagnose dos niveis reais de xestión) a seguinte información referida os indicadores: concreción de expectativa, denominación do indicador, nivel estándar e nivel real.

3.4.2.3. Establecemento dos compromisos de calidade

O obxectivo desta fase é establecer os compromisos de calidade que finalmente se incluírán e se publicarán na carta de servizos. O establecemento dos compromisos de calidade é a parte máis complexa da elaboración dunha carta de servizos. Débese establecer un compromiso para cada unha das actividades identificadas.

Para realizar esta tarefa compararanse os niveis reais cos niveis estándares e a partir dos resultados pódense dar as seguintes situacións:

- A unidade administrativa cumpre cos estándares, neste caso considérase que os servizos están baixo control e que, polo tanto, a unidade administrativa é capaz de responder ás expectativas dos usuarios, neste caso poderán incluírse os ditos compromisos na carta de servizos.
- A unidade administrativa non cumpre cos estándares, mais o equipo considera que é posible conseguilos a medio prazo, polo que adoptará as medidas ou accións de mellora necesarias para o seu cumprimento e continuará medindo o nivel de calidade do servizo para decidir se se poden incluír na carta os devanditos compromisos.

- Se é imposible chegar a conseguilos a curto prazo, propondrá un plano de mellora para solucionar as deficiencias de cara a posteriores actualizacións da carta de servizos.

Os compromisos que se poñan teñen que ter as seguintes características:

- Ser realistas
- Concisos e unívocos
- Medibles
- Comprensibles, redactados nunha linguaxe sinxela e comprensible para os usuarios, ben sexan internos ou externos
- Motivadores: ser alcanzables para o persoal e que supoñan un reto
- Obrigatorios para a unidade administrativa

O equipo de traballo deberá recoller no formulario que se xunta con esta guía (FS-06: valoración e establecemento de compromisos), os compromisos que se van incluír na carta ou as accións de mellora que se van desenvolver, de ser o caso.

3.5. Redacción do documento-matriz da carta, elaboración do informe xustificativo e aprobación da carta de servizos

Despois de finalizadas as fases anteriores do desenvolvemento metodolóxico, o equipo de traballo recompilará toda a documentación e a información analizada durante o proceso para redactar o documento final e confeccionar o informe xustificativo (FS-07: documento-matriz para a publicación da carta de servizos).

3.5.1. Redacción do documento-matriz da carta

O equipo de traballo redactará un documento en que, de forma clara, sinxela e comprensible conste a totalidade da información de carácter xeral e legal, os

compromisos de calidade do servizo e a información de carácter complementario. O documento ten que reunir as seguintes características:

- Debe estar orientado á persoa destinataria, para o que cómpre utilizar unha linguaxe comprensible.
- A redacción ten que ser concisa e unívoca, evitando facer declaracións xenéricas ou ambiguas que poidan levar a confusión ou a diferentes interpretacións sobre os compromisos asumidos pola unidade administrativa.
- Débense cuantificar os compromisos declarados, coa incorporación dos indicadores.

3.5.2. Informe xustificativo

Xunto co documento matriz, o equipo de traballo elaborará un informe documental xustificativo do proxecto de carta de servizos. Este informe é necesario para que o proxecto de carta poida ser sometido ao proceso de aprobación. O informe xustificativo da carta constará dos seguintes apartados:

- Redacción do texto final da carta
- Plano de comunicación da carta
- Memoria descritiva do proceso metodolóxico xunto coa documentación xustificativa que evidencie a realización de cada unha das fases. A dita memoria incluírá os seguintes aspectos:
 - i. Acta de constitución do equipo de traballo
 - ii. Actas de reunión do equipo de traballo
 - iii. Identificación e priorización dos servizos
 - iv. Identificación dos datos xerais e de carácter legal da unidade administrativa
 - v. Recompilación das expectativas dos usuarios dos servizos que figuran na carta
 - vi. Cadro de mando, establecemento de estándares e diagnose dos niveis reais

- vii. Valoración e establecemento de compromisos
- viii. Accións de mellora
- ix. Plano de mellora a longo prazo

A realización das distintas fases poderase evidenciar na memoria, a través dos modelos de formularios que están dispoñibles nesta guía, debidamente cubertos ou aqueloutros de similares características que o equipo de traballo decida usar. Cabe destacar a importancia de que a memoria inclúa o plano de mellora, demostrándose así que a carta de servizo constitúe unha verdadeira ferramenta de mellora continua.

3.5.3. Aprobación da carta de servizos

O documento matriz será asinado pola persoa responsable da unidade ou unidade administrativa a que fai referencia, demostrando así o seu compromiso coa calidade da unidade administrativa e será remitido á UTC para a súa valoración. A UTC elaborará un informe técnico de valoración do seu contido e, de ser o caso, fará as observacións ou recomendacións que estime oportunas. No caso de que a UTC considere que o contido da carta non cumpre coas recomendacións desta guía, así o fará constar no informe de valoración e o equipo de traballo deberá facer os cambios necesarios para a presentación á Comisión de Garantía de Calidade da Universidade.

A Comisión de Garantía de Calidade estudará o documento matriz e mais o informe de valoración da UTC e, se é o caso, aprobará a carta de servizos.

3.6. Deseño e desenvolvemento do plano de comunicación e difusión

3.6.1. O contido

Deberase planificar a acción de comunicación interna e externa do contido e dos resultados do cumprimento dos compromisos da carta de servizos.

- Para conseguir unha comunicación interna fluída estableceranse mecanismos eficaces para difundir a carta de servizos a toda a organización, para o que se adoptará a forma máis adecuada segundo a unidade. Por exemplo, publicación na intranet, comunicacións escritas, artigos en publicacións internas, medios telemáticos etc.
- Para garantir a difusión e a accesibilidade da carta de servizos a todos os usuarios da unidade administrativa, elaboraranse e actualízanse os soportes divulgativos que se consideren máis idóneos (medios telemáticos, folletos publicitarios, cartelaría, comunicacións escritas etc). Para a redacción do soporte divulgativo utilizarase unha linguaxe e un formato adaptado aos usuarios.

3.6.2. O proceso de elaboración

Parte do éxito da implantación dunha carta de servizos depende do desenvolvemento dun adecuado plano de comunicación e difusión, que sexa capaz de transmitir os logros e as expectativas da carta aos usuarios internos ou externos.

Os principais obxectivos de desenvolvemento dun plano de comunicación das cartas de servizos pódense resumir como:

- Dar a coñecer os contidos da carta de servizos, en especial os servizos acollidos a esta e mais os compromisos adquiridos.
- Lograr a máxima difusión posible, tanto interna como externa.

- Motivar internamente o persoal que intervén nos servizos para conseguir a máxima implicación e a asunción dos compromisos descritos na carta.

O proceso de comunicación ten dúas facetas claramente diferenciadas, a comunicación interna e a comunicación externa.

O equipo de traballo deseñará un **plano de comunicación interna** dirixido aos traballadores da unidade administrativa sobre os contidos da carta de servizos co fin de que sexan aceptados por todo o persoal de cara a lograr a implicación deste no seu desenvolvemento. O plano determinará as datas e os medios da comunicación, que poden ser formais ou informais, orais ou escritos. Cada unidade administrativa empregará as vías que considere oportunas: cartas do responsable da unidade administrativa, boletíns internos, reunións, notas internas... Este requisito da carta poderá ser moito máis sinxelo (bastaría cunha única reunión final de posta en común da carta), naqueles casos en que a unidade administrativa é de moi pequenas dimensión e todo o seu persoal participa no equipo de traballo. Desta maneira xustificárase no propio plano de comunicación.

Igualmente, o equipo de traballo fará unha proposta de campaña de **comunicación externa**. O plano de comunicación externa da carta de servizo, debe conter os seguintes aspectos:

- Modalidades de soporte divulgativo que se van usar, seguindo os modelos proporcionados pola universidade.
- N.º de exemplares que se van imprimir.
- Plano de distribución dos soportes divulgativos, puntos de distribución, datas, n.º de exemplares.
- Mecanismos previstos para a comunicación externa das actualizacións e revisións da carta.

Para confeccionar a proposta de comunicación utilizaremos o formulario publicado nesta guía (FS-08: proposta de campaña de comunicación interna e externa)

O plano de comunicación (interna e externa) remitiráselle á UTC xunto co documento-matriz e tamén será obxecto de revisión.

Con esta actividade conclúe a elaboración da carta de servizos, se ben o equipo de traballo non se disolverá, xa que ten que realizar as funcións de seguimento, actualizacións e mellora.

3.7. Medidas de corrección ou compensación no caso de incumprimento dos compromisos

Establécense as medidas de corrección ou compensación máis apropiadas no caso de incumprimento dos compromisos asumidos por cada servizo afectado.

3.8. Formas de presentación de suxestións, queixas e reclamacións sobre o servizo prestado

Especificaranse as formas de presentación de suxestións, queixas e reclamacións relativas, tanto á prestación dos servizos incluídos na carta de servizos, como ao incumprimento dos compromisos asociados a estes así como as vías a disposición dos usuarios para a presentación das suxestións, queixas e reclamacións. Débese informar do prazo de contestación das queixas e reclamacións, tendo en conta que a dita resposta debe tratar o contido da queixa ou reclamación e contestarse de forma personalizada. Na medida do posible, débese establecer un mecanismo para o tratamento das suxestións.

4

Publicación da carta de servizos

4.1. Publicación da carta de servizos

A carta de servizos publicarase en papel e na páxina web do servizo, da UDC ou da UTC e nas páxinas web das unidades administrativas afectadas. Así mesmo, pódese estudar a posibilidade de presentar a carta de servizos noutros formatos: carteis, CDRom, vídeo...

O formato impreso responderá ás directrices marcadas pola Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías e pola Vicerreitoría de Cultura e Comunicación.

4.2. Distribución e difusión

A carta de servizos porase a disposición dos usuarios nas súas dependencias e nos correspondentes puntos de información da UDC e seguirase o plano de comunicación específico deseñado para a carta.

Para a difusión da existencia da carta de servizos teranse en conta as diferentes canles de comunicación que utiliza a UDC, tanto propias como externas: páxina web, radio, prensa local..., e seguirase o plano de comunicación específico deseñado para a carta.

5

Seguimento, mellora e actualización das cartas de servizos

Como xa se dixo en apartados anteriores desta guía, as cartas de servizo son, por si mesmas, instrumentos de mellora continua, co obxectivo principal da mellora da calidade dos servizos prestados aos usuarios. Partindo desta premisa, o proceso de desenvolvemento dunha carta non termina coa publicación oficial desta, senón que se garantirá o proceso de mellora continua a través do plano de mellora elaborado e asociado á carta de servizos.

Debido a que as expectativas dos usuarios poden variar co paso do tempo e que as organizacións, así como as propias unidades administrativas, son entes cambiantes, as cartas de servizos teñen que ter un seguimento continuo e tense que revisar o seu contido periodicamente. Para iso é necesario contar en todo momento con datos actualizados sobre os niveis reais de prestación do servizo e o grao de cumprimento dos compromisos adquiridos.

O seguimento das cartas faise mediante tres tipos de actuacións:

- Seguimento a través dos indicadores de medición
- Actualización periódica das cartas de servizos
- Queixas e reclamacións por incumprimento dos compromisos

5.1. Seguimento das cartas de servizos a través dos indicadores de medición

O seguimento das cartas de servizos realizarase ao longo de toda a vida dunha carta e de maneira continuada, de modo que a organización teña implantada a ferramenta de medición e poida acceder aos datos derivados dos indicadores en calquera momento para a correcta análise desta.

O equipo de traballo reunirse, polo menos, semestralmente para realizar a análise dos resultados dos indicadores e a revisión do grao de cumprimento dos compromisos publicados na carta. Trátase de comparar a situación real coa deseñada. Esta confrontación realizarase medindo o grao de cumprimento dos indicadores e a identificación das posibles desviacións respecto dos estándares establecidos pola unidade administrativa.

Para o seguimento continuado dos compromisos establecidos, o equipo de traballo poderá apoiarse no formato que se xunta coa presente guía (FS-09: seguimento dos compromisos establecidos), en que se indica o compromiso asumido, a súa fórmula de cálculo, a frecuencia de medición e o responsable do seu cálculo.

Por outro lado, anualmente, farase un seguimento da satisfacción dos usuarios mediante enquisas.

Todo isto será remitido a UTC para a súa información e posibles comentarios, alegacións ou propostas de mellora.

O equipo de traballo valorará a conveniencia de publicar os datos a través das súas memorias, informes específicos, da páxina web, da prensa etc.

O sistema de implantación das cartas de servizos debe incluír unha fase de posta en marcha dun plano de mellora, se os indicadores non cumpren os seus estándares. O equipo de traballo relacionará os estándares que non se están cumprindo e indicará, se for conveniente, as súas causas e, naqueles casos, as posibles solucións para os resolver.

De se requirir, poderanse constituír outros equipos de traballo para analizar as causas dos problemas e implantar os posibles proxectos de mellora.

